MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

PLAN ESPECIAL DE AMPLIACIÓN DE DOUS EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS

DOCUMENTO PREVIO

Á APROBACIÓN INICIAL

A LARACHA, OUTUBRO DE 2012

Í N D I C E

1.-INTRODUCIÓN: 2
1.1.OBXECTO DO PROXECTO 2
1.2.ANTECEDENTES. PLANEAMENTO VIXENTE 3
1.3.EQUIPO REDACTOR 3
1.4.TRAMITACIÓN 3
1.5.-DOCUMENTACIÓN 6
2.-MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO 7
2.1.- DEFINICIÓN DA ÁREA DE ESTUDO 7
2.2.- TOPOGRAFÍA E RELEVO. XEOMORFOLOXÍA 7
2.3. CLIMA 8
2.4. HIDROLOXÍA 8
2.5. USOS DO SOLO. VEXETACIÓN DO ENTORNO 8
2.6. REDE VIARIA. 9
2.7.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS. 10
2.9.- ESTUDO DA PAISAXE. 13
3.- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DE ORDENACIÓN 14
3.1.-MOTIVOS QUE XUSTIFICAN O PLAN ESPECIAL 14
3.2.-ADECUACIÓN AO CONTEXTO LEGAL, URBANÍSTICO E TERRITORIAL 14
3.3.-PROPOSTA DE PLAN ESPECIAL. ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN 14
3.4.-ORDENACIÓN DA PARCELA E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN 23
3.5.-XUSTIFICACIÓN DA CAPACIDADE DAS INFRAESTRUTURAS 29
4.-NORMATIVA 30
4.1.NORMAS XERAIS 30
4.2.NORMAS DE USO 32
4.3.NORMAS DE ACONDICIONAMENTO E OBRAS ORDINARIAS 32
4.4.NORMAS DE EDIFICACIÓN 34
5.-ESTRATEXIA DE ACTUACIÓNS 37
5.1.-ORDE DE PRIORIDADES. PRAZOS PARA O DESENVOLVEMENTO 37
6.-ESTUDO ECONÓMICO 38
6.1.-CRITERIOS DE VALORACIÓN DE CUSTOS 38
6.2.-VALORACIÓN DA OBTENCIÓN DO SOLO 38
ANEXOS 39
ANEXO.1.DEREITOS MINEIROS 40

1.-INTRODUCIÓN:

1.1.OBXECTO DO PROXECTO

O presente Documento constitúe o Plan Especial de ampliación de dous equipamentos educativos de sistema xeral, así como da mellora dos seus accesos. As dotacións en cuestión son o CEIP Otero Pedrayo, e o IES Agra de Leborís, situados ambos no entorno urbano da Laracha, mais sen que exista relación física ou funcional entre eles.

O promotor do proxecto é o propio Concello, consciente da necesidade de ampliar as instalacións existentes e de resolver os problemas de tráfico xerados polo seu uso. Tanto os equipamentos como os viarios en cuestión figuran como sistemas xerais no PXOM vixente (aprobado en 2.003).

Ditos centros educativos forman parte do solo clasificado como urbano consolidado do núcleo de Laracha, e as ampliacións propóñense en continuidade aos equipamentos existentes, sobre solo urbanizable non delimitado. O réxime correspondente a esta clase de solo en tanto non se desenrole o correspondente Plan de Sectorización é o de solo rústico de protección ordinaria segundo o artigo 21.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA).

Os usos previstos para a ampliación da dotación existente correspóndense co descrito no apartado 2g. do artigo 33 da Lei 9/2002, uso permitido por licenza municipal en solo rústico de protección ordinaria segundo o punto 4 do artigo 34 da LOUGA, en tanto se aprobe o correspondente Plan Especial de Dotacións.

Os viarios cuxa sección se considera insuficiente unen os centros coa malla urbana:

- No caso do CEIP Otero Pedrayo trátase da conexión coa estrada de titularidade autonómica AC-552, co núcleo rural de As Calzadas e o centro urbano.

  En dirección norte-sur, a Rúa José Añón Canedo, constitúe a fronteira entre o solo urbano de Laracha e o solo urbanizable non delimitado. Se ben no solo urbano o PXOM establece aliñacións ao viario, no solo urbanizable non delimitado precísase de ferramentas que definan o alcance da franxa de sistema xeral viario, necesaria para a ampliación da sección transversal.

  Na actualidade a insuficiencia deste viario obriga a establecer sentidos únicos de circulación nas horas punta de entrada e saída do centro educativo, mais a pesar disto, a seguridade peonil vese comprometida polo paso dos autobuses escolares.

  En dirección leste-oeste, a Avenida de Buenos Aires, dende a que sae unha rúa en fondo de saco que remata no acceso principal ao centro educativo. Nas beiras desta avenida, cuxa sección é tamén insuficiente, atopamos solo clasificado como urbano, núcleo rural e urbanizable non delimitado.

- No caso do IES Agra de Leborís, a mellora consiste na obtención dunha nova fronte que descargue a presión existente na Rúa de Manuel Murguía, constribuíndo así mesmo ao tecido da trama urbana.

As actuacións previstas no presente Plan Especial encaixan coas finalidades dos plans especiais definidas no artigo 68 da Lei 9/2002, posto que consiste na mellora de sistemas xerais contemplados no PXOM vixente, sen que isto implique cambios na clasificación do solo ou nas decisións estruturantes do plan xeral.

Así, estableceranse as determinacións precisas que permitan a ampliación das instalacións dotacionais, e dos seus accesos cumprindo coas esixencias legais en materia urbanística e garantindo a axeitada inserción no entorno inmediato.

1.2.ANTECEDENTES. PLANEAMENTO VIXENTE

O planeamento vixente na Laracha é un Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante PXOM), aprobado definitivamente o día 30 de xuño de 2003 e publicado o acordo de aprobación no B.O.P. nº 157 o día 10 de xullo de 2003.

O Plan Xeral da Laracha aprobouse no período de seis meses posterior á entrada en vigor da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Aínda que formulado ao abeiro da Lei 1/1997 do solo de Galicia, o caso é que o PXOM adaptou gran parte das súas determinacións á Lei 9/2002, seguindo as indicacións do Informe emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo o día 23 de maio de 2003, previamente á súa aprobación definitiva.

Ata o momento tramitáronse as seguintes modificacións puntuais do PXOM da Laracha:

-Modificación Puntual Nº1: modificación da ordenación de parte do tecido urbano do núcleo da Laracha.

-Modificación Puntual Nº2: ampliación da reserva de solo de Sistema Xeral de Paseo Marítimo no núcleo de Caión.

Actualmente atópase en tramitación:

-Modificación Puntual Nº3: nova ubicación do Sistema Xeral Deportivo-Campo de Fútbol de Sta María do Socorro de Caión.

1.3.EQUIPO REDACTOR

O Equipo Redactor do presente Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións está formado polos seguintes técnicos titulados:

- Ángel Luís Monteoliva Díaz. Arquitecto Superior

- Íñigo de Miranda Osset. Arquitecto Superior

- Iria Viña Méndez. Arquitecto Superior

1.4.TRAMITACIÓN

En cumprimento da Ley 9/2006 de 28 de abril, de Evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, o presente Plan Especial foi remitido na súa fase de Documento de Avance ao órgano ambiental a fin de determinar se era preciso ou non o sometemento a avaliación ambiental.

Con data de 15 de outubro de 2.012 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental Estratéxica suscribe a decisión de non necesidade de sometemento, outorgándolle ao expediente a clave 2012AAE1435.

Durante o periodo de exposición pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, recibiuse resposta do Ente Público Augas de Galicia e da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes. Na primeira considérase que non existe incidencia nin efectos adversos significativos sobre o medio hídrico. Na segunda, advírtese da existencia no termo municipal do monte Carboeiro de titularidade estatal e autonómica, mais as actuacións do presente Plan Especial sitúanse no contorno do solo urbano, polo que non se prevé que poidan ocasionar algún tipo de influencia no citado monte.

A tramitación continúa nesta fase de Documento Previo á Aprobación Inicial, en solicitude do informe preceptivo e vinculante do organismo autonómico, de acordo ao establecido no punto d) do artigo 86 da Lei 9/2002 LOUGA:

> *a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificaráselles individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.*
>
> *b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo.*
>
> *c) Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada.*
>
> *d) A aprobación de plans de sectorización e de plans especiais non previstos no plan xeral requirirá en todo caso a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.*
>
> *Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan. A consellaría, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a emenda das deficiencias observadas e fixará prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe autonómico*

e) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

g) No caso no que os plans de desenvolvemento aos que se refire este artigo deban someterse a avaliación ambiental estratéxica, serán así mesmo aplicables as previsións contidas nos artigos 84º.5 e 6 e 85º.2, 3, 4, 5 e 6, coa especificidade de que o documento de inicio non virá obrigado a conter o estudo detallado de medio rural, modelo de asentamento e do sistema de núcleos que se propoña no plan xeral, e que o acordo de aprobación inicial, simultaneamente co seu sometemento a información publica, se lles notificará individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados. Para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación do plan.

1.5.-DOCUMENTACIÓN

O presente Plan Especial, (en adiante PE), está composto dos seguintes documentos:

- Memoria
- Informe de Sostibilidade Económica
- Resumo Executivo
- Planos de Información

I-01 Foto Aérea. Escala 1/5.000.

I-02 Hipsométrico. Escala 1/5.000.

I-03 Usos do Solo. Escala 1/5.000.

I-04 Rede Viaria. Escala 1/5.000.

I-05 Redes de Servizo. Escala 1/5.000.

I-06 Plano catastral. E: 1/5.000.

I-07 PXOM Vixente- Estructura General y Orgánica del Territorio. L-O-07. Escala 1/5.000.

I-08 PXOM Vixente - Zonificación. U-O-L1. Escala 1/2.000.

I-09 PXOM Vixente – Cotas e Rasantes. U-O-L2. Escala 1/2.000.

- Planos de Ordenación

AO-01 Alternativas de Ordenación. Escala 1/2.000.

L-O-07 Estrutura Xeral e Orgánica do Territorio. Escala 1/5.000.

U-O-L1 Zonificación. Escala 1/2.000.

U-O-L2 Cotas e Rasantes. Escala 1/2.000.

.

2.-MEMORIA DE INFORMACIÓN DO MEDIO

2.1.- DEFINICIÓN DA ÁREA DE ESTUDO

O Concello da Laracha atópase no Noroeste da Provincia da Coruña, formando parte da comarca de Bergantiños. Os seus límites son administrativos e tamén físicos:

Oeste: Concello de Carballo

Norte: Concello de Arteixo e Océano Atlántico

Leste: Concello de Culleredo e de Cerceda

Sur: Concello de Cerceda

A ampliación das dotacións educativas levarase a cabo en continuidade coas existentes (o centro Otero Pedrayo e o de Agra de Leborís). Ditas instalacións sitúanse ao Noroeste do territorio municipal, na Vila de Laracha, cabeceira administrativa do concello.

No plano I-01, de foto aérea, pódese observar o entorno inmediato das actuación propostas no PE. Trátase dun espazo de periferia, transición, charnela entre os usos agrícolas, o tecido rural e os desenrolos de baixa densidade da trama urbana.

2.2.- TOPOGRAFÍA E RELEVO. XEOMORFOLOXÍA

O relevo do entorno urbano de Laracha é de configuración suave, con leves ondulacións que configuran as cuncas fluviais do Rego de Quenxe ao norte e o Río Anllóns ao sur. Esta morfoloxía complétase con pequenos outeiros a leste e oeste que anuncian as elevacións de O Queiroal e As Malatas, dos cales o ámbito urbano da Laracha é case equidistante. Ao sur, pasado o río Anllóns son os outeiros de As Picadizas e Fragundi, os que destacan.

No referente ao entorno inmediato do Otero Pedrayo, existe un pequeno outeiro ao oeste separándoo do núcleo rural de Vilaño Vello, e que da lugar a unha configuración circular de viario ao seu redor.

O Plano de Información I-02. Hipsométrico, permite recoñecer estas variacións altimétricas. A interpretación deste pon de manifesto a suavidade do relevo, que no entorno inmediato se configura mediante pendentes inferiores ao 3%. A modo ilustrativo, apúntase que a diferenza de cota entre o extremo norte e o sur do viario José Añón Canedo (cuxa sección se propón mellorar) é inferior a 1m, nunha lonxitude de máis de 500m.

En canto á litoloxía, segundo o Instituto Geológico y Minero de España, predominan as Metapsamitas e Paragneises, integradas no Dominio de Órdenes – Pazos. Así mesmo, o plano Litolóxico de Galicia destaca a existencia de Xistos e Metavulcanitas, todas elas pertencentes á familia das rochas metamórficas.

Esta estrutura litolóxica condiciona a súa permeabilidade, que no plano Hidroxeolóxico de Galicia foi identificada como moi baixa ou impermeable.

2.3. CLIMA

O Clima é de tipo oceánico, con pouca oscilación térmica, frecuentes precipitacións e alta humidade relativa.

As precipitacións, aínda que considerables, experimentan un forte descenso estival en comparación cos meses de novembro e decembro, que albergan as máximas estatísticas.

As temperaturas non ofrecen grandes oscilacións, con tan só 10 ºC entre os meses máis fríos (Xaneiro e Febreiro), e o máis cálido (Agosto).

2.4. HIDROLOXÍA

A zona de estudo atópase nunha divisoria entre as cuncas do Río Anllóns e o Rego de Quenxe. Como xa se apuntou, a natureza do terreo é de moi baixa permeabilidade, feito que asociado ás baixas pendentes do relevo da lugar a solos de natureza húmida pese a que non se identifiquen cauces fluviais definidos.

2.5. USOS DO SOLO. VEXETACIÓN DO ENTORNO

Multitude de factores ambientais condicionan o uso e a vexetación do solo, ben no seu proceso de adaptación natural ou como resultado dunha acción antrópica.

Os factores físicos e xeográficos característicos da área (climáticos, hidrolóxicos, edafolóxicos, etc) en combinación coas accións que durante séculos os habitantes levaron a cabo sobre o territorio, dan como resultado un mapa de usos de solo variado e complexo, que ten reflexo no plano I-04 de Usos do Solo.

Na súa análise, diferenciáronse os usos maioritarios, como son os terreos de labor, praderías, monte baixo, monte alto e espazos de asentamento. De feito, a condición de periferia urbana do entorno fai que estes usos aparezan mesturados sen que existan protagonismos claros.

Terras de cultivo

No entorno analizado obsérvase que a maior parte dos terreos están destinados a terras de labor e praderías. O traballo na terra non se ve condicionado pola existencia de fortes pendentes, porén tampouco existen grandes diferenzas no tratamento dos terreos que dependan da orientación das ladeiras.

Nas Directrices de Ordenación do Territorio quedou plasmado o recoñecemento das excelentes aptitudes agrícolas da Comarca de Bergantiños en xeral, sendo os seus cultivos destacados a pataca, as fabas, a cebola… e na periferia urbana, onde nos atopamos, fundamentalmente verduras e hortalizas de autoconsumo.

Prados

Estes campos de cultivo combínanse coa presenza de prados de sega para alimento do gando vacún.

Ademais, nos lugares de pouca pendente e próximos aos regos existentes xorden brañas, froito da impermeabilidade dos solos.

Especies de repoboación

Nas zonas máis elevadas, ou cunha topografía complexa, os cultivos caen en retroceso deixando que os terreos queden cubertos de matogueira, ou bosquetes mixtos. A reforestación aparece entón como alternativa que extrae rendemento á terra sen tanto esforzo e dedicación como os cultivos estacionais. A especie maioritaria é o eucalipto, seguida do piñeiro.

Matogueira

As zonas de matogueira mesturan toxos, xestas, breixos e silveiras. Localízanse en zonas de labradío abandoadas, que sufriran incendio, ou que non posúan substrato apto para especies de raíces máis fondas.

Monte alto de especies mixtas

Ao longo dos cauces fluviais da zona, a pesar de que sexan de pouca entidade ou mesmo estacionais, ás veces aparecen pequenas formacións ripícolas, compostas principalmente de salgueiros, ameneiros, bidueiros e abeleiras.

As masas autóctonas como o carballo xorden de xeito heteroxéneo, ocupando superficies pequenas.

Áreas de asentamento

O equipamento educativo que se propón ampliar neste PE atópase no límite do solo urbano, porén, nunha situación de periferia e de transición na que conviven crecementos de baixa densidade residencial e tecidos rurais.

Neste marco amplo e complexo en que se atopan a dotacións educativas existentes, é preciso focalizar no uso das parcelas obxecto da ampliación proposta, as cales conteñen matogueiras e especies arbóreas illadas sen que cheguen a formar masa. Trátase porén de espazos que a día de hoxe non teñen uso específico produtivo e que non albergan ningunha edificación.

2.6. REDE VIARIA.

Na área de estudo, localízanse dous tipos principais de viarios, atendendo á súa importancia:

As estradas supramunicipais que comunican o Concello da Laracha cos concellos limítrofes, e as estradas municipais, que poñen en relación os diferentes asentamentos dentro do propio municipio.

Entre o primeiro grupo, destacan as seguintes:

- Autoestrada AG-55, que une Carballo con A Coruña.
- Estrada autonómica AC-552, A Coruña Fisterra, que forma parte da rede primaria básica segundo a Lei de estradas de Galicia.
- Estrada provincial DP-1913, que une a vila de Laracha con Carballo.
- Estrada provincial DP-2404, que comunica Laracha con A Silva.

A rede viaria restante está conformada por viarios locais de titularidade municipal que comunican lugares e asentamentos rurais entre si e coas estradas antes sinaladas.

Entre estes últimos atópanse os viarios cos que ten contacto a dotación educativa, e que foron cualificados no PXOM como sistemas xerais:

- No caso do CEIP Otero Pedrayo:

  -En dirección leste-oeste a Avenida de Buenos Aires, viario que provén do núcleo rural de As Calzada, e que conecta co solo urbano de Laracha. Este viario serve de acceso ao centro educativo e debe ser mellorado.

  -En dirección norte-sur, a rúa José Añón Canedo, viario cuxa sección se pretende ampliar neste PE. Este viario conecta no seu extremo sur co anteriormente descrito, e ao norte enlaza coa estrada AC-552.

- No caso do IES Agra de Leborís:

  -En dirección leste-oeste a Avenida Manuel Murguía soporta o tráfico de acceso ao centro educativo, conectando a Travesía de López Astray e a Rúa Pablo Pedreira. A súa dirección é paralela á estrada AC-552, viario estruturante do solo urbano, que xunto coa estrada DP-1913 constitúen as comunicacións principais da dotación coa trama urbana e os seus arredores.

2.7.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.

Rede de abastecemento de auga

A rede que subministra ao solo urbano de Laracha ten orixe nunha captación do Río Anllóns, con estación de tratamento e bombeo, que leva a auga ata o depósito situado no Monte “Os Castros” (Ganduma). Dende alí distribúese por gravidade, chegando ata os núcleos de A Barreira, Cancelo e Vilaño Vello, cubrindo case en totalidade os lugares inmediatos ao núcleo de A Laracha.

Os equipamentos educativos existentes atópanse xa conectados á rede de abastecemento do solo urbano.

Rede de saneamento de augas residuais

O ámbito de ampliación do sistema xeral de equipamento educativo está conectado á rede de saneamento do núcleo urbano de Laracha, que conduce as augas residuais á E.D.A.R. de O Formigueiro, na estrada DP-2404. Esta estación é tamén a encargada da depuración da rede procedente de Paiosaco.

Os núcleos rurais próximos ao entorno urbano recollen e procesan as augas de xeito individual, mediante depuradoras prefabricadas de poliéster que se dimensionan en función da poboación.

Rede de telefonía

Tódolos asentamentos do ámbito de estudo contan con rede de telefonía, que no entorno urbano é maioritariamente de instalacións soterradas.

Rede de electricidade

Existe unha rede de alta tensión nas proximidades do ámbito do CEIP, conducida mediante instalación soterrada e que atravesa o solo urbano ata chegar á subestación eléctrica de Laracha.

As dotacións educativas atópanse en funcionamento, e porén conectadas á liña de subministro eléctrico do solo urbano, contando ambas con cadanseu transformador.

2.8. ASENTAMENTOS E PATRIMONIO HISTÓRICO.

A condición de borde urbano que posúen ambas instalacións educativas permítenlles ser testemuña da transición urbano-rural, atendendo á convivencia de tecidos de residencia colectiva, unifamiliar de baixa densidade e tipoloxías rurais nas proximidades.

Nun radio de 1.000m. atopámonos con 3 parroquias, 6 entidades de asentamento de menos de 50 habitantes, 2 de máis de 100, e o núcleo urbano de Laracha, con máis de 2.700 e cunha tendencia crecente e regular nos últimos 11 anos.

Nalgúns destes núcleos é visible o seu espírito tradicional, mais non hai dúbida de que todos eles se ven tremendamente influenciados pola proximidade do solo urbano, repercutindo nas rutinas vitais, nas tipoloxía edificatoria, no mantemento da poboación e incluso no seu increcemento.

Todo isto tece uns fíos de prestación de servizos e comodidades urbanas que cosen relacións de dependencia dos asentamentos en relación ao núcleo cabeceira.

A continuación expóñense os datos de poboación dos últimos anos no entorno de actuación do Plan Especial:

POBOACIÓN DO NOMENCLÁTOR SEGUNDO O INE, DO ENTORNO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

PARROQUIA	NÚCLEO	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011
010000 CABOVILAÑO (SAN ROMAN)	010600 CAMPON	35	**35**	31	32	32	33
	012500 PADRONELO	23	24	**25**	24	23	23
	012500 PADRONELO	23	24	**25**	24	23	23
	013400 TELLEIRA	109	109	111	105	112	**114**
120000 TORAS (SANTA MARIA)	120300 GANDARA	25	24	21	21	21	20
	120600 LARACHA	2219	2362	2491	2580	2662	**2778**
	120700 LEBORIS	26	26	27	27	29	28
130000 VILAÑO (SANTIAGO)	130500 BOTICA	129	130	133	138	**144**	143
	131700 MONTESCLAROS	12	10	11	13	14	15

O carácter xeral dos equipamentos atende sen embargo a unha realidade aínda maior, que excede do entorno inmediato. No Concello da Laracha existen catro centros de educación infantil e primaria, un instituto de educación secundaria, e unha escola de educación infantil.

O núcleo máis poboado é con diferenza A Laracha, asentamento no que se encontra o CEIP Otero Pedrayo, e o IES Agra de Leborís, obxecto do PE.

PARROQUIA	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	EEI	CEIP	IES
010000 CABOVILAÑO (SAN ROMAN)	1003	1002	1035	1052	1060	1077			
020000 CAION (NTRA.SRA.PERPETUO SOCORRO)	876	879	871	864	858	863		X	
030000 COIRO (SAN JULIAN)	453	441	449	466	464	475			
040000 ERBOEDO (SANTA MARIA)	344	328	328	324	321	310			
050000 GOLMAR (SAN BENITO)	458	459	452	447	433	423			
060000 LEMAIO (SANTA MARIÑA)	293	287	280	275	281	275			
070000 LENDO (SAN XULIAN)	455	453	446	443	432	431			
080000 LESTON (SAN MARTIÑO)	1260	1277	1320	1340	1368	1375		X	
090000 MONTEMAIOR (SANTA MARIA MAGDALENA)	897	870	854	848	832	811	X		
100000 SOANDRES (SAN PEDRO)	938	911	921	910	882	891		X	
110000 SOUTULLO (SANTA MARIA)	174	164	167	166	166	157			
120000 TORAS (SANTA MARIA)	2892	3031	3176	3253	3333	3445		X	X
130000 VILAÑO (SANTIAGO)	760	769	780	783	783	804			
	10803	**10871**	**11079**	**11171**	**11213**	**11337**			

En canto ao patrimonio histórico, os planos da colección de información I08 e I09, de Planeamento Vixente, conteñen as delimitacións e os códigos dos elementos catalogados no PXOM.

1.8	Igrexa de Santiago de Vilaño
1.10	Igrexa de Sta. María de Torás
1.11	Igrexa Nova de Sta. María de Torás
1.12	Capela de San Roque e San Antón. Torás
1.15	Igrexa de San Romás de Cabovilaño
2.1	Cruceiro do cemiterio de Cabovilaño
2.22	Cruceiro de Vilanova de Soutullo
2.23	Cruceiro do Adro de Sta María de Torás
2.24	Cruceiro de arriba, Igrexario de Santiago de Vilaño
2.25	Cruceiro de abaixo de Santiago de Vilaño
3.1	Torre de Cillobre. Torás
4.1	Pazo en Vilaño Vello
4.3	Pazo de Montesclaros
4.8	Casa con escudo en A Torre, Cardois. Cabovilaño
6.11	Casa, hórreo e cobertizo na Torre de Cillobre. Torás
6.12	Casa, hórreo, cobertizo e palomar no Formigueiro. Vilaño
7.6	Muíño en Torás
7.9	Muíño en A Forxa. Cabovilaño
7.10	Muíño en Gabenlle. Torás
8.3	Hórreo en Igrexario. Lemaio
8.5	Hórreo e palomar na Torre de Cillobre. Torás
8.6	Hórreo en Gabenlle. Torás.
GA15041004	Os Castros / O Petón do Castro / Castro de Riotorto
GA15041008	Castro de Montesclaros /Os Castros
GA15041009	Castro Pequeño / Castro de As Motas / A Mota
GA15041010	Castro de Gabenlle /As Croas / Os Castros
GA15041017	Torre de Cillobre
TOP15041006	As Medorras / A Madarra
ACH003	Miliario de Vilaño

Sen embargo ningún deles se encontran próximos ás dotacións educativas. Non existen relacións de intervisibilidade entre o ámbito do PE e os elementos de patrimonio; tampouco os contornos de respecto teñen incidencia neste PE.

2.9.- ESTUDO DA PAISAXE.

A morfoloxía do relevo, que carece de elevacións no entorno de estudo, fai que a vista poida ser de media distancia, mais tamén que se vexa interrompida por calquera obstáculo por tímido que sexa.

O borde urbano no que se atopan as dotacións define unha paisaxe de urbanización pouco densa, intercalada con elementos vexetais e arbóreos de escasa entidade.

As ampliación propostas, en continuidade ás dotacións existentes, non supoñen alteración significativa da paisaxe circundante. Os elementos vexetais dos terreos que se ocuparán consisten, como xa se apuntou, en matogueiras baixas e árbores illadas que non chegan a formar masa. Porén a súa presenza non é definitoria da paisaxe existente.

A continuación sintetízase a descrición dos elementos compoñentes do fenosistema do entorno próximo:

ELEMENTOS FÍSICOS

XEOMORFOLOXÍA	CHAIRA CON PEQUENAS ONDULACIÓNS
EXPOSICIÓN	BAIXA
PENDENTE	3-10 %
ORIENTACIÓN	-
LÁMINA DE AUGA	NON
SONS E RUIDOS	NON

ELEMENTOS BIOLÓXICOS

ARBOREDO AUTÓCTONO	AMENEIROS E SALGUEIROS
ARBOREDO ALÓCTONO	PIÑEIRO E EUCALIPTO
REPOBOACIÓN FORESTAL	NON
CULTIVOS	MILLO, PATACA
OUTROS	

ELEMENTOS ANTRÓPICOS

ACCESIBILIDADE	BOA
ASENTAMENTOS	SOLO URBANO DE LARACHA
ELEMENTOS HISTÓRICOS	NON
ARQUITECTURA DO TERRITORIO	NON
INTRUSIÓNS EXTERNAS	PROPIAS DA TRAMA URBANA

XEOMETRÍA DA CONCA

EXTENSIÓN DA ENVOLVENTE VISUAL	MEDIA
COMPACIDADE	BAIXA
DIRECCIÓN DA VISUAL	HORIZONTAL
DENSIDADE DE PLANOS DE VISIÓN	BAIXA
FORMA DA CONCA	ABERTA

FRAXILIDADE	BAIXA

VALORACIÓN	BAIXA

3.- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DE ORDENACIÓN

3.1.-MOTIVOS QUE XUSTIFICAN O PLAN ESPECIAL

O motivo de redacción do Plan Especial é a necesidade de ampliar a superficie cualificada como Sistema Xeral de Equipamento pertencente aos centros educativos Otero Pedrayo e Agra de Leborís, así como acadar a mellora dos seus accesos para permitir que as instalacións poidan continuar ofrecendo o servizo de sistema xeral recollido no PXOM.

As ampliacións xustifícanse pola crecente demanda de usuarios nos últimos anos, que ten reflexo nos censos de poboación do entorno.

En canto ao viario, a súa mellora contribuirá ao correcto funcionamento dos accesos aos centros educativos, tanto en canto á axilidade, como á seguridade peonil, e as súas repercusións no entorno inmediato.

3.2.-ADECUACIÓN AO CONTEXTO LEGAL, URBANÍSTICO E TERRITORIAL

Segundo a definición que dá o artigo 68 da Lei 9/2002, a ampliación dotacional que se pretende concorda coas finalidades dos plans especiais, posto que se trata de completar elementos que foron recollidos como sistema xeral no PXOM vixente. O proxecto non alterará porén a estrutura xeral e orgánica municipal, non requirindo mudar a clasificación do solo.

Acorde ao artigo 71 da lei 9/2002, o Plan Especial ten por obxecto o establecemento e ordenación do equipamento comunitario, debendo conter as seguintes determinacións:

Delimitación do espazo reservado para a dotación urbanística e o seu destino concreto.

Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolvelos problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.

Medidas de protección necesarias para garanti-la funcionalidade e accesibilidade das infraestruturas e dotacións urbanísticas.

3.3.-PROPOSTA DE PLAN ESPECIAL. ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN

3.3.1 ALTERNATIVAS POSIBLES

Unha vez espostos os obxectivos do presente PE, analizouse analizouse o entorno das dotacións existentes a fin de determinar a mellor ubicación de acordo á funcionalidade das instalacións, aos accesos dende o viario, e ás propiedades naturais dos terreos limítrofes.

Nesta análise, pártese dunha alternativa 0, común aos dous escenarios (CEIP e IES), e diferéncianse dúas posibilidades máis para cada un deles, como a continuación se expón:

ALTERNATIVA 0

Enténdese por alternativa 0 aquela que non considera levar a cabo a ampliación dos centros educativos nin a dos viarios de acceso.

Posto que a necesidade é manifesta segundo a administración municipal, a non ampliación das instalacións derivaría nunha prestación de servizos deficiente, e na necesidade de construción de novos centros, o cal suporía un custo moito maior.

Así mesmo, no caso do CEIP o estado actual da rúa José Añón Canedo e a Avenida de Buenos Aires, implica unha funcionalidade deficiente nas horas punta de chegada e saída do centro educativo, ademais de obrigar á convivencia de vehículos particulares, colectivos e peonís nun espazo non acondicionado para estas circunstancias.

O caso do IES Agra de Leborís, similar ao anterior, concentra todos os accesos na Rúa de Manuel Murguía, resultando unha convivencia difícil en horas punta de transporte colectivo, particular e peonil.

Todo isto vai en detrimento da seguridade que se debera garantir no entorno dun centro educativo.

ALTERNATIVA 1_CEIP OTERO PEDRAYO

Esta alternativa contempla a ampliación das instalacións educativas cara o norte, en continuidade coas existentes. Asemade planéase a mellora da sección transversal da rúa José Añón Canedo e da Avenida de Buenos Aires, que serven de acceso ao equipamento.

O ámbito de ampliación da parcela dotacional consiste nun terreo practicamente chan, a cota lixeiramente inferior á das instalacións existentes.

Actualmente non ten un uso produtivo definido, xa que está ocupado por matogueiras, así como por árbores illadas que sen chegar a formar masa se sitúan nos marxes do parcelario existente..

O fronte da parcela correspóndese coa Rúa José Añón Canedo, viario municipal cualificado de sistema xeral no PXOM, que en boa parte do seu trazado serve de límite do solo urbano.

Mediante esta ampliación regularizarase xeométricamente a parcela dotacional, ofrecendo novas posibilidades de acceso dende a Rúa José Añón Canedo que permitirán resolver as dificultades de manobra dos autobuses escolares no esquema actual (O acceso principal consiste nunha rúa en fondo de saco que parte da Avenida de Buenos Aires).

A mellora da sección da rúa José Añón Canedo e a Avenida de Buenos Aires apoiase nas aliñacións contidas no PXOM para o solo urbano, completándoas mediante unha franxa sobre solo urbanizable non delimitado que se deberá obter.

O deseño das novas seccións incidirá no só nun aumento da calzada, senón tamén na división de tráficos rodados e peonís. Non se pretenden reformas na intersección da Rúa José Añón Canedo e a estrada AC-552.

A maioría da superficie afectada polas actuacións do PE atópase clasificada como urbanizable non delimitado, ao que segundo o punto 4 do artigo 21 da LOUGA, deberá aplicárselle o réxime establecido para o

solo rústico en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización.

As intervencións en solo urbano restrínxense á franxa de viario que definen as aliñacións contidas no PXOM, e utilízanse os mesmo criterios para o solo de núcleo rural.

ALTERNATIVA 2_CEIP OTERO PEDRAYO

Como alternativa 2 proponse a ampliación da parcela dotacional en dirección oeste, sen que esto implique novos frontes a viario.

As parcelas afectadas consisten nun terreo practicamente chan aínda que con tendencia ao ascenso cara ó oeste, cuia cota é lixeiramente superior á das instalacións existentes.

A cobertura vexetal é de porte herbáceo en convivencia con cultivos anuais e de carácter hortícola.

A mellora no sistema viario proponse mediante o deseño da sección transversal, sen que isto supoña ampliación da mesma. Organizaranse os sentidos obrigatorios de circulación de xeito que a rúa José Añón Canedo sexa de sentido único sur-norte. A división de tráficos producirase mediante a beirarrúa leste en tanto non se desenvolva o solo urbanizable non delimitado no oeste do viario.

Todas as actuacións do PE atópanse en solo clasificado como urbanizable non delimitado no actual PXOM. Como xa se apuntou, a esta clase de solo, segundo o punto 4 do artigo 21 da lei 9/2002, deberá aplicárselle o réxime establecido para o solo rústico en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización.

ALTERNATIVA 1_IES AGRA DE LEBORÍS

Propónse a ampliación das instalacións educativas en dirección sur, recollendo os terreos necesarios para absorber a traza proposta como viario de sistema xeral no PXOM.

Dito viario consiste na prolongación da Travesía de López Astray, dende o seu contacto coa Rúa Manuel Murguía ata o encontro coa rúa Pablo Pedreira.

As pacelas afectadas non posúen a penas inclinación, e comparten a mesma cota que as instalacións existentes.

Non existe no ámbito un uso productivo definido, sendo a súa cobertura mixta de portes herbáceos e mato.

A ampliación supón a regularización xeométrica da parcela dotacional, a posibilidade de plantexamento de novos accesos e mesmo a contribución á continuidade da trama.

Todas as actuacións do PE atópanse en solo clasificado como urbanizable non delimitado no actual PXOM.

ALTERNATIVA 2_IES AGRA DE LEBORÍS

Como segunda alternativa proponse o crecemento das instalacións en dirección suroeste, ata o contacto coa rúa Pablo Pedreira.

No ámbito quedaría comprendida parte da traza de sistema xeral contida no PXOM como proposta de ampliación da Travesía de López Astray dende a rúa Pablo Pedreira.

As pacelas afectadas non posúen a penas inclinación, e comparten a mesma cota que as instalacións existentes.

Non existe no ámbito un uso productivo definido, sendo a súa cobertura mixta de portes herbáceos e mato.

A ampliación permite unha certa regularización das instalacións existentes engandindo un novo fronte que puidera servir de novo acceso cara a rúa Pablo Pedreira. Esta rúa conecta o casco urbano co asentamento de Leborís en dirección sur.

Tal e como ocorrería na alternativa número 1, as actuacións plantéanse en solo clasificado como urbanizable non delimitado no actual PXOM.

3.3.2 ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS PROPOSTAS, EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

Unha vez descritas as alternativas, procédese á análise comparativa das mesmas, tendo en conta diferentes parámetros relacionados tanto co medio físico do entorno do PE, como co espazo humanizado. Isto será de axuda á hora de detectar os posibles efectos e consecuencias que poidan xurdir das diferentes eleccións escollidas.

Para este traballo trataranse por separado os escenarios propostos para o CEI e o IES.

O MEDIO FÍSICO. XEOMORFOLOXÍA E RECURSOS DO SOLO:

Na alternativa 0, non hai actuacións, porén tampouco hai consecuencias das mesmas no que respecta ao medio físico.

- CEIP OTERO PEDRAYO

Tanto na alternativa 1 como na 2 o terreo escollido para a ampliación é practicamente chan. A diferenza mais salientable está na cota á que se atopan, pois aínda que sendo similar en ambas, no caso 1 é lixeiramente inferior, e no 2 lixeiramente superior con respecto ás instalacións existentes. Esta diferenza, aínda que leve, facilita a incorporación sen necesidade de movementos de terra con técnicas sinxelas de drenaxe no caso 1.

A cobertura vexetal está totalmente humanizada no caso 2, dedicado á produción de carcater hortícola, e con certo abandono no caso 1, cuberto de matogueiras e especies arbóreas de escaso porte, que non chegan a formar masa.

A intervención sobre a parcela escollida no caso 1 permitiría sanear un espazo sen uso definido que linda coas instalacións existentes.

En canto á rúa José Añón Canedo e a Avenida de Buenos Aires, na alternativa 1 proponse a ampliación da sección transversal, mentres que na alternativa 2 mantense a sección actual. As repercusións sobre o medio físico no caso 2 son nulas, e na opción 1 son mínimas, posto que a rúa vai a cota do terreo circundante (case chan con leve caída cara o norte), e non serán precisos movementos de terra máis alá dos que requira a composición de capas da plataforma rodada.

- IES AGRA DE LEBORÍS

Tanto na alternativa 1 como na 2 a cobertura vexetal é de tipo herbáceo e mato, con algunha especie arbórea illada de baixo porte. A natureza do terreo é tamén practicamente a mesma, sen elevacións e na cota das instalacións existentes, polo que non existen vantaxes dunha alternativa sobre a outra neste apartado.

O MEDIO SOCIOECONÓMICO:

No aspecto social, detéctase un aumento demográfico regular e constante no solo urbano da Laracha, e no seu entorno, nos últimos 11 anos segundo o INE, tendencia que xa se apuntaba no PXOM con datos demográficos entre 1.991 e 1.996.

A alternativa 0 non contempla actuacións, porén podería derivar no colapso das instalacións educativas, e na necesidade de construír un novo centro, tanto no caso do CEIP Otero Pedrayo como no do IES Agra de Leborís. Esta opción resultaría mais custosa en canto á obtención de novos terreos (en superficie maior á da ampliación proposta nas alternativas 1 e 2) e á construción das instalacións, mais tamén no presuposto de mantemento e funcionamento do centro (persoal docente, servizos…). Considérase pois que nun prazo non lonxano a non ampliación do centro impediría dar resposta ás necesidades sociais dende o punto de vista da sostibilidade económica.

No aspecto socieconómico, as repercusións das alternativas 1 e 2 son as mesmas, xa que ambas contemplan a ampliacións das instalacións educativas.

TRANSPORTE E MOBILIDADE:

Con respecto ás comunicacións a nivel xeral as alternativas teñen a mesma ubicación, posto que en todo caso estamos a falar dun equipamento existente.

Na alternativa 0 non se propoñen actuacións, porén os problemas manifestos derivados da insuficiencia da sección transversal mantéñense, e previsiblemente empeorarán co paso do tempo, debido á consolidación do solo urbano. É de esperar que se produza a colmatación urbana antes que os desenrolos de solo urbanizable non delimitado cos que lindan os centros educativos e ao que serven de fronteira os viarios de acceso. Esta circunstancia aumentaría a densidade de tráfico sen melloras nos viarios, situación que iría en detrimento da funcionalidade e da seguridade do entorno dotacional.

- CEIP OTERO PEDRAYO

Na alternativa 1 amplíase fisicamente a sección transversal do viario, a fin de obter unha distribución de tráficos en defensa da seguridade peonil, e de que se garanta o dobre sentido de circulación. Deste xeito evitaríase a sobrecarga de tráfico producido polo uso dotacional nos tecidos residenciais de baixa densidade do entorno.

Así mesmo melloraríanse os accesos ás instalacións que actualmente responde a unha rúa sen saída na que non é posible a manobra dos autobuses escolares, reorganizándoo dende a rúa José Añón Canedo,

Na alternativa 2 non se produce aumento na dimensión transversal do viario, senón só reorganización. Isto obriga a establecer o sentido obrigatorio único na rúa José Añón Canedo. En consecuencia, o tráfico xerado pola dotación verase obrigado a percorrer unha distancia maior, afectando a rúas en principio fóra da área de influencia.

En canto aos accesos, non se actuaría sobre a entrada principal do centro educativo, porén sería precisa unha reorganización interna dos tráficos.

A irregularidade do ámbito ampliado, así como a súa descontinuidade obrigan á modificación das actuais instalacións a fin de reorganizar o tráfico interno do centro educativo (aparcamento de persoal, parada de autobuses escolares e vehículos particulares que trasladen alumnos).

- IES AGRA DE LEBORÍS

Tanto na alternativa 1 como na 2 a creación dun novo fronte cara a viario da instalación dotacional mellorará a funcionalidade das comunicacións permitindo repartir os tráficos de aceso nas horas punta.

Sen embargo a alternativa 1 considérase más funcional pois encárgase de dar continuidade á trama viaria. A proposta 2 puidera derivar nun agravamento dos problemas de tráfico ao derivalo cara unha rúa que se pode considerar sen saída dada a insuficiencia da súa sección a partir da dotación educativa.

PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

Nesta variable, non se prevén incidencias en ningunha das alternativas sobre elementos concretos, debido a que non hai relación de proximidade con elementos que figuren no catálogo de patrimonio do PXOM.

As ampliacións previstas nas alternativas 1 e 2 non afectan tampouco a tecidos rurais nin a camiños tradicionais.

PAISAXE

Da valoración paisaxística do ámbito da dotación existente, extráese que non se trata dun entorno fráxil. Dada a morfoloxía do terreo, e a natureza fortemente antropizada que atopamos nestas circunstancias concretas de periferia urbana, enténdese que ningunha das alternativas ten repercusións sobre a paisaxe existente.

REDES DE SERVIZO

En canto aos servizos urbanísticos básicos, é convinte aclarar que as instalacións actuais contan con conexión aos servizos de abastecemento de auga, saneamento, electricidade e telefonía. A ampliación da superficie dotacional insertaríase tamén nas redes do solo urbano.

Tanto no caso do CEIP como no do IES, as alternativas 1 e 2, incorporarán rede de sumidoiros en estrutura separativa de saneamento nas melloras viarias que plantexen.

CONCLUSIÓNS

Logo da comparación entre as alternativas, conclúese que a máis vantaxosa, funcional e respetuosa co medio é a número 1.tanto no caso do CEIP Otero Pedrayo como no do IES Agra de Leborís

Nos cadros que se inclúen a continuación, puntuouse o efecto que a alternativa en cuestión puidera ter sobre os distintos factores analizados, que en moitos casos é nula, posto que non supón cambios con respecto á situación actual nin á estimada como futura próxima.

ESCALA DE VALORACIÓN

MALA			BOA	SEN INCIDENCIA
				•

VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS PROPOSTAS PARA A AMPLIACIÓN DO CEIP OTERO PEDRAYO

MEDIO FÍSICO	**ALTERNATIVA 0**	**ALTERNATIVA 1**	**ALTERNATIVA 2**
ALTERACIÓNS TOPOGRÁFICAS	•	•	•
SANEAMENTO DO TERREO EN CANTO A HUMIDADE	•		
RESPETO DO ARBOREDO AUTÓCTONO EXISTENTE	•	•	•
MEDIO SOCIOECONÓMICO			
RESPOSTA DA DEMANDA EDUCATIVA			
SOSTIBILIDADE ECONÓMICA			
TRANSPORTE E MOBILIDADE			
FUNCIONALIDADE DOS ACCESOS			
EFECTO SOBRE O ENTORNO PRÓXIMO	•		
SEGURIDADE VIARIA			
PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL			
REPERCUSIÓNS SOBRE O PATRIMONIO	•	•	•
PAISAXE			
REPERCUSIÓNS SOBRE A PAISAXE	•	•	•
REDES DE SERVIZO			
ACCESO A SERVIZOS	•	•	•
MELLORA DAS INSFRAESTRUTURAS	•		•

VALORACIÓN DAS ALTERNATIVAS PROPOSTAS PARA A AMPLIACIÓN DO IES AGRA DE LEBORÍS

MEDIO FÍSICO	**ALTERNATIVA 0**	**ALTERNATIVA 1**	**ALTERNATIVA 2**
ALTERACIÓNS TOPOGRÁFICAS	•	•	•
SANEAMENTO DO TERREO EN CANTO A HUMIDADE	•		
RESPETO DO ARBOREDO AUTÓCTONO EXISTENTE	•	•	•
MEDIO SOCIOECONÓMICO			
RESPOSTA DA DEMANDA EDUCATIVA			
SOSTIBILIDADE ECONÓMICA			
TRANSPORTE E MOBILIDADE			
FUNCIONALIDADE DOS ACCESOS			
EFECTO SOBRE O ENTORNO PRÓXIMO	•		
SEGURIDADE VIARIA			
PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL			
REPERCUSIÓNS SOBRE O PATRIMONIO	•	•	•
PAISAXE			
REPERCUSIÓNS SOBRE A PAISAXE	•	•	•
REDES DE SERVIZO			
ACCESO A SERVIZOS	•	•	•
MELLORA DAS INSFRAESTRUTURAS	•		

3.3.3 EFECTOS SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO. NORMATIVA SECTORIAL E TERRITORIAL APLICABLE

3.3.3.1. ELEMENTOS ESTRUTURANTES DO TERRITORIO NA ÁREA DE ESTUDO.

No ámbito no que se desenrola o presente documento, pódense observar os seguintes elementos que articulan o territorio:

-1 O sistema de asentamentos, composto polos núcleos de poboación da zona de estudo:

- A vila da Laracha, cunha poboación de 2.778 habitantes, é o máis importante do concello e ademais cabeceira administrativa do mesmo.
- Os núcleos de Telleira,Vilaño Vello, As Calzadas, O Cancelo Pereiro, Vilaño, A Panela, A Botica, a Cheda e Leborís.

Existe tamén unha bolsa de solo urbano nas proximidades de Cancelo, froito do desenrolo dun solo urbanizable que se prevía no PXOM vixente.

A clasificación maioritaria no ámbito inmediato é a de solo urbanizable residencial non delimitado.

-2 O conxunto de infraestruturas e dotacións está constituído polos seguintes elementos:

- A Rede Viaria
- As Redes de Servizos Urbanísticos
- O conxunto de Equipamentos
- O conxunto de Espazos Libres e o Paseo Fluvial do Río Anllóns.

En relación aos elementos estratéxicos, este PE reverte nunha mellora da prestación de servizos dotacionais educativos existentes, satisfacendo as necesidades actuais e futuras do entorno neste sentido. A mellora dos accesos ás instalacións do centro Otero Pedrayo é de esperar que teña un efecto positivo na funcionalidade dos tecidos en contacto co equipamento.

En ningún caso se está a modificar a estrutura xeral prevista no PXOM vixente, senón que as actuacións camiñan en prol de reforzar esta mesma, mellorándoas e actualizándoas de acordo ás demandas actuais.

3.3.3.2. EFECTOS SOBRE OS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT)

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) dan cumprimento ao mandato da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, que establece os obxectivos e instrumentos mediante os cales se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma, co obxectivo de:

"…favorecer a utilización racional do territorio galego e protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e contribuír ao equilibrio territorial, regular os diferentes instrumentos de

ordenación do territorio, o seu contido e relación de interdependencia así como as canles procedimentais para a súa elaboración e réxime de vixencia, modificación e revisión".

Así pois, as DOT teñen como finalidade básica a definición dun modelo territorial para Galicia, que sirva de guía orientadora e cohesiva das actuacións sectoriais que se propoñan.

Nas Directrices de Ordenación do Territorio defínense catro niveis:

Rexións e áreas urbanas,
Sistema urbano intermedio,
Nodos
Resto de núcleos de importancia municipal.

O ámbito no que se enmarca o presente PE é este último, posto que se atopa na Vila de maior importancia do concello, e tamén cabeceira administrativa.

Pese a que o PE non ten capacidade para a toma de decisións estruturantes municipais, (as cales corresponden ao Planeamento Xeral), sí se debe sinalar que a decisión de ampliar e mellorar as instalacións existentes e recollidas como sistema xeral no PXOM vixente, non fai mais que reforzar o sistema de elementos estruturantes previstos a nivel municipal.

Entre as determinacións excluíntes das DOT, o punto 2.4.2 di:

"Procurarase que se concentren nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e servizos de carácter local."

Como conclusión, o presente Documento ten por finalidade a elección da área de ampliación das instalacións dos centros educativos Otero Pedrayo e Agra de Leborís, así como a mellora dos seus accesos, respetando as determinacións establecidas polas diferentes normativas sectoriais e territoriais, ao tempo que se cumpran tamén as condicións establecidas polo PXOM vixente da Laracha.

Mediante a formulación e aprobación deste Plan Especial, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- Delimitar un novo espazo reservado como dotación educativa que ampliará en continuidade as instalacións dos centros existentes.

- Establecer as determinacións precisas que garantan a súa adecuada integración no territorio.

- Resolve-los problemas que o equipamento poida xerar no sistema viario.

- Establecer as medidas necesarias para garanti-la funcionalidade e accesibilidade da dotación.

- Dotar á actuación dun corpo documental e normativo con garantía xurídica.

Así pois, a actuación consistirá, no cambio de cualificación urbanística dunha zona anexa á dotación existente pasando a se incorporar ao Sistema Xeral de Equipamentos educativos, e na mellora dos accesos á mesma.

3.4.-ORDENACIÓN DA PARCELA E CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN

3.4.1.-ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL:

O ámbito de aplicación deste PE identifícase nos correspondentes Planos de Información e Ordenación, resultando descontinuo:

CEIP OTERO PEDRAIO			
REFERENCIA CATASTRAL	CLASE DE SOLO SEGUNDO PLAN VIXENTE	REFERENCIA CATASTRAL	CLASE DE SOLO SEGUNDO PLAN VIXENTE
15042A074000250000KM	SUbleND	3287636NH3838N0001IO	SU
15042A074000340000KI	SUbleND	3385601NH3838N0001OO	SU
15042A074000350000KJ	SUbleND	3385636NH3838N0001DO	SU
15042A074000590000KK	SUbleND	3385638NH3838N0001IO	SU
15042A074000600000KM	SUbleND	3385643NH3838N0001EO	SU
15042A074000620000KK	SUbleND	3385644NH3838N0001SO	SU
15042A074000640000KD	SUbleND	3386301NH3838N0001WO	SU
15042A074000670000KJ	SUbleND	3386347NH3838N0001OO	SU
15042A074001500000KP	SUbleND	2790701NH3829S0001QU	SNR
15042A074001510000KL	SUbleND	15042A074001280001LO	SNR
15042A074001520000KT	SUbleND	2683504NH3828S0001ID	SNR
15042A077000420000KY	SUbleND	2683505NH3828S0000HS	SNR
15042A077001990000KB	SUbleND	2683506NH3828S0001ED	SNR
15042A077002010000KY	SUbleND	2683507NH3828S0001SD	SNR
000905300NH38G0001BY	SU	2683508NH3828S0001ZD	SNR
3185104NH3838N0001OO	SU	2683509NH3828S0001UD	SNR
3185106NH3838N0001RO	SU	2783701NH3828S0001RD	SNR
3189701NH3838N0001EO	SU	2783702NH3828S0001DD	SNR
3189707NH3838N0001AO	SU	2783703NH3828S0001XD	SNR
3287301NH3838N0001GO	SU	2783704NH3828S0001ID	SNR
3287302NH3838N0001QO	SU	2783705NH3828S0001JD	SNR
3287310NH3838N0001MO	SU	2783707NH3828S0001SD	SNR
3287313NH3838N0001RO	SU	2983601NH3828S0001UD	SNR
3287601NH3838N0001RO	SU	2983602NH3828S0001HD	SNR
3287634NH3838N0001DO	SU	2983603NH3828S0001WD	SNR
3287635NH3838N0001XO	SU	2983604NH3828S0001AD	SNR

IES AGRA DE LEBORÍS	
REFERENCIA CATASTRAL	**CLASE DE SOLO SEGUNDO PLAN VIXENTE**
15042A073000150000KF	SUbleND
15042A073000360000KA	SUbleND
15042A073000520000KO	SUbleND
15042A073000530000KK	SUbleND
15042A073000540000KR	SUbleND
15042A073000560000KX	SUbleND
15042A073000570000KI	SUbleND
15042A073003750000KD	SUbleND
15042A073004090000KE	SUbleND
15042A073090100000KF	SUbleND

SUPERFICIE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN (m²)	**CEIP OTERO PEDRAYO**	**IES AGRA DE LEBORÍS**
AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS EDUCATIVAS	11.167	6.103
AMPLIACIÓN OU MELLORA DE VIARIOS DE ACCESO ASOCIADOS AOS EQUIPAMENTOS EDUCATIVOS	14.566	4.531
SUPERFICIE TOTAL	25.733	10.634

3.4.2.-USO PREVISTO. REXIME DO SOLO

Segundo o artigo 21.4 da LOUGA, ao Solo Urbanizable Non Delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico.

Polo tanto, o PE cualifica como Sistema Xeral de Equipamento educativo, en congruencia coas determinacións do Plan Xeral da Laracha e as posibilidades que outorga o artigo 33.g. da Lei 9/2002 de establecer o uso dotacional en solo rústico.

A cualificación de sistema xeral viario na Rúa José Añón Canedo e na Avenida de Buenos Aires figura no PXOM. A súa mellora proponse obtendo a franxa de terro precisa para completar a sección transversal, que se leva a cabo do seguinte modo:

- No solo clasificado como urbano, aprovéitase o espazo liberado polas aliñacións marcadas no PXOM vixente, materializando a plataforma acotada no plano U-O-L2 *"Laracha, cotas y rasantes".*

- Na parcela con clasificación de núcleo rural, completarase coa franxa de solo que permita chegar aos 16m de sección total no caso da Rúa de José Añón Canedo, e de 14m na de Buenos Aires.

- En solo urbanizable non delimitado obterase a franxa de solo necesaria para acadar unha sección transversal viaria de 16m de sección total no caso da Rúa de José Añón Canedo, e de 14m na de Buenos Aires.

- O novo viario ao sur do IES Agra de Leborís, que constitúe a prolongación da Travesía de López Astray, atópase por enteiro clasificado como solo urbanizable non delimitado. O seu trazado seguirá as pautadas fixadas ao caso no PXOM.

3.4.3.-USOS PORMENORIZADOS. ZONIFICACIÓN

Derivado das propias necesidades da dotación educativa existente, así como da aplicación do réxime do solo rústico, a parcela é susceptible de se ordenar mediante os seguintes usos:

- Área de aparcadoiro
- Área axardinada ou zona verde.
- Uso docente de categoría 2ª, definido no artigo 4.2.5.1. da normativa do PXOM vixente:

Centros de ensino que precisan dunhas instalacións exclusivas ou ben que cumpran a condición da categoría 1ª pero con superficie superior aos 300m².

3.4.4.-CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN E DA PARCELA

No que respecta as condicións propias establecidas no PXOM para os usos docentes de categoría 2ª, atenderase ao artigo 4.2.5.1. da normativa:

a) *As construcións que desenrolen este tipo de uso deberán axustarse ás determinacións de deseño e seguridade que estableza a normativa sectorial aplicable.*
b) *As instalacións de categoría 2ª deberán dispoñer un mínimo de unha praza de aparcamento por cada 50 m² construídos.*

En canto ao solo rústico, os parámetros que regulamentan as condicións de ocupación e volume, resolveranse en cumprimento da Disposición Transitoria Primeira e das determinacións da LOUGA no que respecta ao solo rústico, recollidas nos artigos 42 e 44.

A continuación reprodúcense os correspondentes artigos da LOUGA:

Artigo 42º.

-Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio

natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

-A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20% da superficie do predio (…)

-O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible excedelo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurará descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

-As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno; en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, a morfoloxía e o tamaño dos ocos e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.

-Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excedelos nalgún dos seus puntos. (..) logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia.

-As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregarase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

-Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidame revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

-A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas

-Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

-Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

-As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

-Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola autorización autonómica.

f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses, contados desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contado desde o outorgamento da licenza.

g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo de expediente tramitado con audiencia da persoa interesada, e será aplicable o disposto no artigo 203º desta lei.

2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles aplicable o disposto no artigo 26º desta lei.

Artigo 44º.

-Condicións adicionais para outras actividades construtivas non residenciais.

1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42º desta lei, cumprirán as seguintes:

a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.

b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).

2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.

Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42º e 44º desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

Este réxime excepcional só será aplicable no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.

3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195º.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.

4. (…)

3.5.-XUSTIFICACIÓN DA CAPACIDADE DAS INFRAESTRUTURAS

As actuacións contidas no presente PE intégraranse na rede de infraestruturas do solo urbano, do mesmo xeito que o están as instalacións existentes.

3.5.1.-CAPACIDADE DA REDE VIARIA

Considérase que a ampliación das instalacións educativas no suposto de xerar un incremento de tráfico o fará en proporción ás existentes, e con carácter puntual nas horas de entrada e saída do centro.

Na actualidade a dimensión dos accesos é insuficiente, así como o espazo de manobra dos autobuses escolares e o espazo de parada dos automóbiles privados. Entre os obxectivos do PE figura precisamente a mellora destes puntos débiles, porén a funcionalidade da rede viaria non se verá perxudicada polas actuacións do PE, senón enriquecida.

3.5.2.-CAPACIDADE DA REDE ABASTECEMENTO DE AUGA

Os viarios sobre os que as instalacións docentes se apoian están conectados á rede urbana de abastecemento de auga, sendo as súas características:

PE∅90 na rúa José Añón Canedo

PVC∅110 Na Avenida de Buenos Aires.

PE∅90 na rúa Pablo Pedreira

PE∅90 e PE∅50 na rúa Manuel Murguía

3.5.3.-CAPACIDADE DA REDE DE SANEAMENTO DE AUGA

Os viarios sobre os que as instalacións docentes se apoian contan con rede de saneamento de fecais, sendo en ambos casos conducións de PVC∅315 ou superior.

As augas pluviais serán recollidas no interior da parcela, para o seu posterior verquido á rede.

3.5.4.-CAPACIDADE DA REDE DE ELECTRICIDADE

A demanda de potencia eléctrica estímase que pode ser absorbida polas instalacións existentes.

En caso de que ditas instalacións fosen insuficientes deberán ampliarse no caso do CEIP Otero Pedrayo captando a enerxía eléctrica da rede de alta tensión da Avenida de Buenos Aires, da cal se nutre o actual centro educativo a partir do transformador situado na rúa José Añón Canedo.

En canto ao IES Agra de Leborís, aliméntase a través do transformador situado no marxe noroeste do equipamento existente, na rúa Manuel Murguía.

3.5.5.-RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

A recollida de residuos sólidos urbanos das instalacións dos centros educativos intégranse nas rutas de recollida do solo urbano da Laracha.

4.-NORMATIVA

4.1.NORMAS XERAIS

4.1.1. OBXECTO E NATUREZA DO PLAN ESPECIAL

Formúlase o presente PE co obxecto de ampliar a superficie cualificada como dotacional, permitindo completar as instalacións existentes do centro educativos Otero Pedrayo e Agra de Leborís, no Concello da Laracha. Inclúese no cometido deste PE a mellora dos accesos aos equipamentos.

Estableceranse as determinacións precisas que permitan o desenrolo do equipamento educativo cumprindo as esixencias legais en materia urbanística e garantindo a axeitada inserción da instalación prevista no medio territorial existente.

4.1.2.ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación deste PE identifícase nos correspondentes Planos de Información e Ordenación.

4.1.3. VIXENCIA

A súa vixencia será indefinida ata a súa revisión ou a súa derogación por un documento urbanístico de rango superior.

4.1.4. RÉXIME URBANÍSTICO APLICABLE

O réxime urbanístico aplicable ás parcelas que se cualifican como SXEed é o de solo rústico de protección ordinaria definido na LOUGA 9/2002 coas súas modificacións posteriores.

4.1.5. INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO

O PE desenvolverase mediante un proxecto que defina as obras de edificación, instalacións e acondicionamento.

Poderanse formular proxectos cuxa pretensión e determinacións sexan específicos por mor da súa singularidade ou tramitación ante organismos sectoriais.

Os proxectos deberán detallar e programar as intervencións coa precisión necesaria para que podan ser executadas por técnicos distintos do autor do mesmo.

Os proxectos non poderán modificar as previsións do PE sen prexuízo de adaptacións a nivel de detalle xurdidas pola realidade física e topográfica.

Os proxectos conterán a documentación necesaria para a súa correcta posta en práctica, que como mínimo será a seguinte:

- Memoria descritiva da actuación
- Plano de situación da zona de actuación en relación ao ámbito do PE.
- Planos de información do ámbito territorial de actuación.
- Planos de Proxecto, reflectindo obras e actuacións a levar a cabo coa escala e nivel de detalle requirido.
- Prego de condicións técnicas e de condicións económico-administrativas das obras e actuacións.
- Medicións, prezos descompostos e orzamento.

4.1.6. ADMINISTRACIÓNS AFECTADAS

Considérase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, administración afectada polo presente PE, no que respecta ás condicións de ubicación e volumetría das instalacións previstas, así como por abranguer no ámbito do PE parte de zona de afección da estrada AC-552.

4.1.7. OBTENCIÓN DO SOLO

Levarase a cabo a través dos medios previstos na LOUGA (lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galica), segundo a clase de solo de que se trate. En concreto, é de aplicación o artigo 166 para o solo urbano e solo rústico, e o artigo 173 no caso dos solos clasificados como núcleo rural.

Particularmente, no que respecta á obtención do espazo necesario para a mellora viaria asociada ao CEIP Otero Pedrayo, estruturarase do seguinte xeito:

No solo clasificado como urbano, aprovéitase o espazo liberado polas aliñacións marcadas no PXOM da plataforma acotada no plano U-O-L2 *“Laracha, cotas y rasantes”.*

Na parcela con clasificación de núcleo rural, obterase a franxa correspondente á distancia total de 16m de sección total no caso da Rúa de José Añón Canedo, e de 14m na de Buenos Aires.

En solo urbanizable non delimitado obterase a franxa de solo necesaria para acadar unha sección transversal viaria de 16m de sección total no caso da Rúa de José Añón Canedo, e de 14m na de Buenos Aires.

4.1.8. OBRIGAS DO PROMOTOR

Non se prevén obras de urbanización exteriores ao ámbito do PE, das que o promotor, neste caso, o Concello da Laracha, debera facerse cargo.

4.2.NORMAS DE USO

4.2.1. XENERALIDADES

O uso e actividade previsto no ámbito do PE é o de dotación docente en congruencia co destino e cualificación de sistema local de equipamento de interese público e social previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal da Laracha.

Contémplase un uso de interese público sobre terreos de titularidade pública.

4.2.2. USOS PORMENORIZADOS

O PE establece os seguintes usos pormenorizados dentro do ámbito:

- Área de aparcadoiro
- Uso docente de categoría 2ª, definido no artigo 4.2.5.1. da normativa do PXOM vixente:
- Área axardinada ou zona verde.

4.3.NORMAS DE ACONDICIONAMENTO E OBRAS ORDINARIAS

4.3.1. XENERALIDADES

1) Enténdese por obras de acondicionamento e obras ordinarias aquelas actuacións que requiren a posta en obra de materiais e técnicas para a realización de muros, do viario previsto así como os espazos libres ou de recreo dotados de instalacións de servizos e elementos de xardinería.

2) As obras realizaranse segundo o contido dos proxectos que a tal efecto se redacten en liña coas determinacións expostas no presente PE. Estarán sometidas ao disposto no apartado 4.1.5. sobre contido e documentación.

3) Os proxectos de redes públicas tramitaranse e se aprobarán segundo o disposto na lexislación urbanística. Serán informados polas administracións sectoriais que exerzan as súas competencias na actuación.

4.3.2. CONDICIÓNS E TRATAMENTO DA REDE VIARIA

1) Os pavimentos deseñaranse e calcularanse tendo en conta as solicitacións ás que estarán sometidos (peonil, mixto, aparcadoiro, uso restrinxido...).

No deseño de pavimentos terase en especial consideración as calidades para a súa adaptación e integración nas condicións naturais e de uso. Procurarase que os pavimentos acaden un elevado porcentaxe de absorción hidráulica para evitar escorrentas superficiais e racionalizar as redes de recollida de augas pluviais.

No viario de carácter peonil prohíbense expresamente os pavimentos continuos ou descontinuos impermeábeis.

Nas zonas de aparcadoiro recoméndase o emprego de pezas colocadas en seco (lastro) cuxas características de colocación no deseño favorezan o crecemento dun tapiz vexetal entre os seus ocos ou xuntas.

2) Os tipos de materiais e técnicas de colocación responderán a un criterio funcional, mediante o cal sexa fácil destinguir as diferentes zonas ou funcións da rede viaria.

3) Os elementos auxiliares e complementarios da rede viaria (mobiliario, sinalización, etc.), dotaranse e deseñaranse de forma racional, sen excesos nin reiteracións.

Realizaranse con técnicas e materiais duradeiros, de fácil integración e resistencia ao medio. Os proxectos xustificarán o deseño e colocación deste tipo de dotación auxiliar.

4.3.3. CONDICIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS TÉCNICOS

1) Establécese a necesidade de prever na parcela dotacional, e nos viarios exteriores ao SXEed incluídos no ámbito do PE, as necesarias infraestruturas de servizo para o seu normal funcionamento:

- Evacuación de augas pluviais e residuais
- Abastecemento de auga
- Alumado público
- Electricidade
- Telecomunicacións

2) A conexión realizarase dende as redes existentes municipais. Tódalas redes chegarán ás zonas requiridas soterradas baixo a rede viaria pública.

Os proxectos de obras deberán xustificar a conveniencia de cada infraestrutura, establecendo os criterios de cálculo e deseño e contemplando a necesidade de conexión cos puntos de acometida.

3) A iluminación do espazo público realizarase con racionalidade e evitando a contaminación luminosa. A tal efecto o nivel de iluminación non poderá superar os 10 luxes.

4) Contémplase subministro de auga para o rego das zonas axardinadas e áreas de recreo, así como para a dotación de auga sanitaria do edificio previsto.

Os proxectos de obra establecerán o trazado e características desta rede de xeito pormenorizado os puntos de acometida na rede pública existente. Discorrerá integramente soterrada.

5) A conexión á rede pública de saneamento das augas residuais efectuarase na Avenida de Buenos Aires no caso do CEIP Otero Pedrayo, e na de López Astray para o IES Agra de Leborís.

4.3.4. CONDICIÓNS DE AXARDINAMENTO E MOBILIARIO NA ÁREA AXARDINADA OU ZONA VERDE

1) Os espazos non ocupados polas edificacións ou instalacións deportivas serán tratados mediante o emprego de pavimentos e especies vexetais, que axuden a mellorar a integración da dotación no entorno circundante un punto de vista paisaxístico e ambiental.

Os espazos pavimentados deseñaranse con racionalidade.

Utilizaranse pavimentos preferentemente térreos, de madeira e pedra ou artificiais colocados en seco e deixando espazo entre a súas xuntas para facilitar a súa integración e mellorar as condicións drenantes onde sexa necesario.

2) A zona cualificada como área axardinada ou libre será convenientemente axardinado mediante plantación de céspede, arbustos e árbores autóctonos ou naturalizados en Galicia e que se adapten ás condicións microclimáticas e ambiente húmido da zona.

4.4.NORMAS DE EDIFICACIÓN

4.4.1. USO PREVISTO

As edificacións a construír serán aquelas cuxo destino encaixe dentro do uso docente de acordo á cualificación da parcela SXEed.

4.4.2. TIPOLOXÍA EDIFICATORIA

Dado o uso dotacional previsto, contémplase un edificio de características arquitectónicas singulares, cuxas dimensións e proporcións virán dadas como consecuencia da adecuación a un programa de necesidades variadas.

Dadas as características do programa, enténdese que hai unhas formas moi concretas derivadas do uso á que se vai destinar no tocante ás cubertas e os volumes, e que conlevarán unha certa flexibilidade tipolóxica no momento de deseñar os volumes construídos.

Farase fincapé na integración paisaxística co entorno, tentando que os acabados das edificacións se solucionen con cores e texturas que se adapten ás existentes no entorno.

4.4.3. ALTURA DO EDIFICIO

- Altura máxima:

Limítase a altura máxima a 7,00 m, medidos no punto medio da cada fachada o nivel do chan ata o arranque da cuberta.

- Altura de coroación:

Limítase a altura de coroación do edificio a 8,00 m, medidos o nivel do chan ata o punto máis elevado da cuberta do edificio.

- Forma da cuberta:

A cuberta poderá ser plana ou construída mediante planos inclinados.

- Materiais da cuberta:

No caso de executar unha cuberta plana, considérase altura de coroación á altura dun peto perimetral que impida a caída de persoas. O material de acabado será de orixe natural (pavimento pétreo, grava, céspede, etc.).

En caso de executar unha cuberta inclinada, poderanse utilizar materias metálicos, acordes coa execución de construcións deportivas.

- Elementos que poden sobresaír por riba da altura de coroación: Unicamente poderán sobresaír, sempre de forma puntual, elementos vinculados a instalacións técnicas do edificio, como elementos de ventilación forzada, pararraios, aire acondicionado, etc.

4.4.4. OCUPACIÓN MÁXIMA

A ocupación máxima non superará o 20% da superficie de parcela neta.

Enténdese por ocupación a superficie de solo resultado da proxección vertical da superficie edificada en calquera das plantas do edificio.

4.4.5. SUPERFICIE EDIFICABLE

A superficie edificable do edificio virá dada como resultado de aplicar á superficie ocupada a altura máxima permitida.

4.4.6. PLANTAS PERMITIDAS

Conforme ao cumprimento da altura máxima, o edificio poderá desenvolver ata dúas plantas sobre rasante.

Permítese a construción de soto e/ou semisoto, coas limitacións de uso establecidas no Plan Xeral e na lexislación sectorial que regule o uso e actividade prevista para o edificio.

4.4.7. SEPARACIÓN DO EDIFICIO AOS LINDEIROS CON OUTRAS PARCELAS

A condición de edificio illado esixe a separación aos lindes con outras parcelas. Dita separación será de polo menos 5,00 metros.

4.4.8. CONDICIÓNS DE INTEGRACIÓN E DE ACABADO

A singularidade dos edificios esixe a consideración daquelas cuestións que afecten á imaxe final do edificio e á súa integración no contexto.

Neste senso, considérase que o edificio debe adaptarse ás características dun entorno urbano pouco denso, e manter relacións de unidade con respecto ás instalacións educativas existentes.

A Memoria do Proxecto xustificará a elección de materiais, buscándose aqueles materiais de acabado nos que a textura e cor se integren cos predominantes no entorno.

Descartaranse aqueles de acabado brillante ou que reflictan en exceso a luz e a imaxe.

Admítese a utilización de metais que co tempo adquiran unha pátina sen brillo, coma o cobre, o zinc e o aceiro oxidable ou aceiro cortén.

O vidro utilizarase de forma racional coa única finalidade de permitir a entrada de luz, ou a búsqueda de transparencia (elementos de peche ou protección…)

As cores deberán ser xustificadas no correspondente proxecto técnico seguindo o principio de adaptación ao contexto. Recoméndase o emprego das gamas de grises, ocres ou castaños e verdes como tonalidades que responden aos predominantes na paisaxe da Laracha.

4.4.9. RESERVA DE PRAZAS DE APARCADOIRO

Conforme ao artigo 4.2.5.1 do TÍTULO IV.-NORMAS REGULADORAS DE USO E HIGIÉNICO SANITARIAS, NO CAPÍTULO 2 CLASIFICACIÓN DE USOS do PXOM, a dotación debe contar cun mínimo de 1 praza de aparcadoiro por cada 50m² construídos.

Na reserva de prazas de aparcadoiros para persoas discapacitadas, teranse en conta as determinacións máis restritivas que figuren tanto nos seguintes documentos:

-Orden VIV/561/2010, de 1 de Febrero, Documento Técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso de los espacios públicos no urbanizados

-Ley 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidad y supresión de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia.

-Decreto 35/2000, de 28 de Enero, Lei de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónomade Galicia.

